

Os membros do claustro e o persoal non docente do CEIP Luís Seoane, sito en Avda. Morro de Canide N1 no Concello de Oleiros e abaixo firmantes

Expoñen:

O martes 29 /09/2020 , a empresa de transportes contratada pola Xunta de Galicia para transportar ao alumnado, esqueceuse de baixar a un neno de Educación Infantil e deixalo no colexio como é habitual, e foi levado de volta ás independencias da empresa. AclaraR que o neno non chegou a poñero un pé no recinto escolar polo que se considerou que a familia non o enviara ao colexio.

De resultas destes feitos, a Xefatura Territorial decide obrigar a directora a dimitir, manifestando que perdeu a confianza nela.

O Claustro e o persoal non docente do noso colexio manifesta o seu malestar e repulsa ante a actuación da Xefatura Territorial da Xunta de Galicia de cargar toda a culpa ante a figura da dirección en D^a María José Ruíz Moreda. Persoa responsable, traballadora e infatigable profesional que en todo momento actúa para salvagardar o estado emocional do neno e da súa familia; así como dar a cara e reconducir o acontecido hacia un cauce o máis mediador posible entre a empresa de transporte e a familia. Sen eximir en ningún momento das súas funcións de representación da administración no colexio.

Solicitan:

Este claustro e o persoal non docente, non se cansará, de pedir a **anulación da dimisión** obrigada da nosa directora, pois considera que a actuación foi responsable, activa e impecable e as responsabilidades deste feito recaen noutros axentes externos ao centro educativo.

A resolución do caso sexa entre a Administración e a empresa contratada e non forme parte dun xuízo popular no que se incite a cortar cabezas dunha forma pouco ortodoxa e sensacionalista.

Asinado:

CLAUSTRO E PERSOAL NON DOCENTE DO CEIP LUIS SEOANE

En Mera, 1 de outubro de 2020